- Con data 23/11/2023 Dna. María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU comunica o desistimento á tramitación da licenza solicitada

- Con data 18/12/2023 o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que os postes xa están instalados, se ben falta o correspondente cableado.

Á vista do exposto o Consello da Xerencia de Urbanismo informa desfavorablemente o desistimento, procedendo ben á retirada da instalación, previa solicitude do correspondente título habilitante, ou ben, á terminación da obra, coa instalación do cableado. (Expte. URB/2023/001060)

PRP2024/0362

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, para obras de ampliación da rede de telecomunicacións na Avda. Dr. Moreira Casal nº 2 (S.Ref.: 8567924-3905252), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabiá - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións _

REPOSICION DA BEIRARRÚA COA MESMA TIPOLOXÍA QUE A EXISTENTE.

- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación,

reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

- A fianza de 500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2023/001061)

PRP2024/0363

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Pedro José Doval Vidal, para acometida á rede municipal de auga para vivenda na Rúa Figueirido nº 25 - Sobradelo (Ref. Cat.: 8049322NH1184N0001OJ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2023/001068)

PRP2024/0364

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sheila Miguel Padín en representación de VIAL SANTA EULALIA SL,, para legalización do rótulo instalado na Rúa Alejandro Cerecedo nº 11 baixo 2 (Ref. cat: 9359017NH1195N0026XA), xa que se adaptan ás condicións do PXOM. (Expte. URB/2024/000022)

PRP2024/0365

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Alfonso Padín Fernández, para acometida á rede municipal de auga para vivenda na Rúa Aralde nº 8 (Ref. cAt. 6725902NH1162N0001AZ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2024/000024)

PRP2024/0372

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por Dna. Aurora Martínez Piñeiro , para acometida á rede municipal de saneamento na vivenda sita no Camiño do Piñeiro nº 40 - Renza (Ref. Cat. 8134305NH1183S0001EI), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego telef. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.

- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de **PVC de Ø 160 mm** como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2023/001139)

PRP2024/0391

- Con data 11/10/2023 D. David Fernández Arias en representación de DIGAMEL AROUSA SLU, solicita licenza para acometida á rede de auga na Rúa Albarrán nº 2-4 - T. Badiña.
 - Con data 120/12/2023 por Resolución de Alcaldía concedeuse licenza de obra para acometida á rede municipal de auga na Rúa Albarrán nº 2-4 a D. David Fernández Arias en representación de DIGAMEL AROUSA SLU,
 - Con data 10/01/2024 D. David Fernández Arias en representación de DAMAPINA SL solicita a transmisión da licenza a favor de DAMAPINA SL como propietaria do inmovible.

Á vista do anteriormente exposto e a documentación achegada, o Consello da Xerencia informa favorablemente o cambio de titularidade da licenza para acometida á rede municipal de auga na Rúa Albarrán nº 2-4 a favor de DAMAPINA SL. (Expte. URB/2023/000984)

LICENZAS DE SEGREGACIÓNS

PRP2024/0390

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Jacinto Vidal Costoya para segregación dunha finca situada no Camiño Real de Trabanca (Ref. Cat. 0564830NH2106S0001ZH), de conformidade co proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Wenceslao Vidal Eiras, asinado electrónicamente o 25/02/2022, conforme ó cal:

- Parcela inicial: 934 m2
- Parcelas resultantes:
 - Parcela segregada 1: 458 m2
 - Parcela segregada 2: 20 m2 (cesión)
 - Resto finca matriz: 456 m2

Consta no expediente documento suscrito en data 31-1-24 de cesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da superficie de 20 m2 da parcela con fronte o Camiño Real de Trabanca, denominada PARCELA SEGREGADA 2, para á súa incorporación á vía pública, segundo se reflicte no plano 4 denominado "parcelas resultantes" asinado en data 25-2-22.

Tódalas parcelas resultantes cumpren cos parámetros urbanísticos que lle son de aplicación. (Expte. URB/2022/000169)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2024/0368

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. Sergio Otero Nieto en

representación de D. Juan Carlos Falcón Noya, de conformidade co proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar na rúa Travesa s/n - Fontecarmoa (Ref. Cat. 8748921NH1184N0001OJ), redactao polo arquitecto D. Sergio Otero Nieto con visado colexial do 30/08/2023 e documentación complementaria achegada. (Expte. URB/2022/000192)

PRP2024/0392

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Dna. Carolina Couselo Fariña en representación de D. Victor Manuel Miguez Paz, de conformidade co proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Manuel Fernández Teixeira nº 5 (Ref. Cat. 8240305NH1184S0001PW), redactao pola arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña con visado colexial do 20/10/2023 . (Expte. URB/2022/000832)

PRP2024/0393

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Carlos Romero Lage en representación de OCIO NEIRA SL, para adaptación de local para oficina na Rúa Edelmiro Trillo nº 14 Baixo (Ref. Cat. 9361607NH1196S0001TJ), de conformidade co proxecto do arquitecto D. Carlos Romero Lage asinado electrónicamente o 25/05/2023 e documentación complementaria achegada asinada electrónicamente coa data 16/10/2023 polo arquitecto D. Carlos Romero Lage.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade (art. 11.2 do Decreto 144/2016).
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2023/000520)

PRP2024/0394

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. José Antonio Buezas Méndez en representación de PROMOCIONES BUEZAS ALVAREZ SL, para reforma de local para uso de

vivenda na Avda. Agustín Romero nº 25 Bx. (Ref. Cat. 9456004NH1195N002YH), de conformidade co proxecto básico de reforma interior de local para uso de vivenda, redactado polo arquitecto técnico D. Carlos Rey Lustres, visado coa data 04/08/2023.

Xa que o proxecto presentado é básico, antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución xunto coa seguinte documentación:

- Estudo de Seguridade e Saúde
- Oficios de dirección da execución material e de coordinador de Seguridade e Saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2023/000777)

PRP2024/0395

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por Dna. Laura Escobar Barreiro en representación de PAXARIÑO CB, para construción de piscina na Rúa "3" - A Rosaleda nº 2 - Sobradelo (Ref. Cat. 7954001NH1175S0001JG), de conformidade co proxecto básico e de execución de "piscina aberta en vivenda unifamiliar" redactado polas arquitectas Dna. Sonia Turrado Sobaco e Dona Eva Otobalea de Mingo, con visado colexial do 09/11/2023.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2023/000944)

PRP2024/0397

- Con data 05/08/2022 D. Jesús María Dieguez Pazos en representación de D. Manuel Antonio Brun Carballo solicita licenza para campamento de turismo dunha estrela na Rúa Vilar de Arriba nº 31 - Bamio (Ref. cat. 9794615NH199S0000XZ) de conformidade co proxecto básico redactado polos arquitectos Jesús María Diéguez Pazos e Manuel Tanoira Carballo, asinado electrónicamente o 05-08-2022.

- Consta no expediente informes sectoriais favorables da Consellería de Cultura, de data 09/09/2023, e da Área Provincial de Pontevedra de Turismo de Galicia, de data 23/09/2022.

Consta informe do técnico municipal, de data 08/08/2023, desfavorable á licenza, polos seguintes incumprimentos:

-Do Decreto 159/19, de 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo, en canto procede:

- a completación da memoria e documentación gráfica para a xustificación das condicións constructivas de dito Decreto 159/19.
- a adaptación ao establecido no art. 63 (cociña).
- clarexar se se trata dun campamento dunha estrela, en tanto tal clasificación non prevé sala de estar e almacén.

-Da Lei so Solo de Galicia, en canto procede:

- obter as autorizacións e informes favorables sectoriais dos órganos competentes para solo rústico de protección forestal e para o referido ao ámbito do Plan de Ordenación do Litoral (art. 36 LS).
- Propor as medidas correctoras para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos (art. 39.c) LS e 60 do RLS).
- Cambiar o emprazamento das edificacións para a zona clasificada como solo de núcleo rural (arts. 39.d) LS e 61 RLS).

- Asemade, infórmase polo técnico municipal que non se considera idónea a localización ao conlevar un importante impacto visual sobre a paisaxe e unha alteración da topografía e estado natural dos terreos, extremo que non resultaría enmendable.

- Consta informe xurídico, de data 30/08/2023, desfavorable á concesión da licenza, por canto o uso do campamento de turismo previsto no art. 35.1.d) da Lei do Solo de Galicia non se atopa entre aqueles, que, de conformidade co previsto no parágrafo final do art. 39.1.d) da LS e no art. 61.1 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, están eximidos de xustificar a idoneidade da localización elexida e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazarse en solo urbano ou

urbanizable con cualificación idónea.

- Traslados ditos informes desfavorables ao interesado, presenta alegacións en data 14/09/2023, nas que pon de manifesto:

1. Respecto dos incumprimentos do Decreto 159/19 e dos arts. 36 e 39.c) da Lei do Solo de Galicia, que se trataría de cuestións subsanables, recoñecendo o alegante que teríase que modificar o proxecto.
2. E, respecto da xustificación da idoneidade do emprazamento e da imposibilidade ou inconveniencia de emprazar a instalación en solo urbano ou urbanizable con calificación idónea, mantén que o lóxico é que un campamento deste tipo se ubique en solo rústico e que, en calquera caso, a inidoneidade do emprazamento é unha opinión dos servizos municipais sen motivación suficiente. En todo caso, o alegante fai referencia á pendencia dun proceso xudicial contra a denegación dunha licenza por motivos similares, polo que considera que procede estar á espera da correspondente resolución xudicial respecto da xustificación da idoneidade do emprazamento.

- Con data 29/01/2024 emítase informe técnico, dando conta de que, respecto da primeira alegación, os incumprimentos seguen sen ser subsanados e, respecto da segunda alegación, ratificando o seu informe de data 08/08/2023.

- Con data 01/02/2024 emitíuse informe xurídico no que se indica:

"- Con independencia de que o solicitante non xustifica o razoable do emprazamento e a imposibilidade ou inconveniencia de ubicalo en solo urbano ou urbanizable, tal e como se pronuncia a sentenza do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc. 2º, que dita a sentenza nº 75/02, de 15 de febreiro, neste senso, e con independencia de que os motivos da falta de idoneidade do emprazamento están explicitados no expediente no informe emitido polo técnico municipal (elevado impacto visual sobre a paisaxe e unha alteración da topografía e estado natural dos terreos), resulta que, en calquera caso, e xa á marxe do anterior, o terreo onde se pretende a actuación en parte está incluído en solo rústico de protección especial paisaxística e medioambiental do monte alto, unha pequena parte en solo rústico de protección forestal, e, por outra banda, toda a parcela está afectada polo Plan de Ordenación do Litoral.

- O solicitante non obtivo os preceptivos informes e autorizacións sectoriais favorables dos órganos competentes para solo rústico de protección forestal e para o referido ao ámbito do Plan de Ordenación do Litoral, tal e coma esixe o art. 36.2 LS, polo que, ao abeiro do disposto no 144.4 da LS, non procede a concesión da licenza, so pena de nulidade da mesma."

- Tendo en conta todo o anteriormente exposto e o contido do art. 36.2, do art. 142.2, dos arts. 143.1 e 143.2, e do art. 144.4, todos eles da Lei do Solo de Galicia, o Consello da Xerencia de Urbanismo, coa abstención do Sr. Fajardo Recouso e o voto favorable dos restantes membros, informa desfavorablemente a licenza solicitada para a construción dun campamento de turismo dunha estrela na Rúa Vilar de Arriba nº 31 - Bamio. (Expte. URB/2022/000663)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2024/0366

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 06/02/2013 á entidade NOBU FALU CB, para posta en funcionamento da actividade de cafetería, quedando subrogada Dna. CHARTLOTTE RIVIERE, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.2 Cafeterías do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 10/01/2024. (Expte. ACTI/2024/000003)

PRP2024/0367

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 21/04/2015 a Dna. Raquel Navarro Rodríguez, para posta en funcionamento da actividade de cafetería, quedando subrogada a entidade ESCUELA ESTRELLAS AMARELAS SLU, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2024/000012)

PRP2024/0405

Informar desfavorablemente o cambio de titularidade, solicitado por D. Juan Carlos Martos Díaz en representación de SRCL CONSENUR SL,, de instalación sita na rúa do Enxeño nº 14-16, Polígono Industrial de Trabanca Badiña, toda vez que de conformidade coa documentación obrante no expediente, sería necesario un novo informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Expte. ACTI/2022/000001)

TERRAZAS

PRP2024/0369

Vista a solicitude presentada por D. José Martínez Señoráns en representación de NÁUTICA NORTHWEST SL, para instalación de terraza con mesas e cadeiras na Rúa A Baldosa nº 3, vinculada ao establecemento denominado "NAMARE" ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, e de conformidade co informe técnico emitdo, infórmase favorablemente:

- Instalación de 4 mesas cun aforo total de 16 persoas para unha ocupación dunha superficie de 24,10 m² na fronte do nº 3 da rúa da Baldosa.
- Consonte o artigo 24 da Ordenanza de Terrazas, finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado.
- Consonte o disposto na normativa do planeamento urbanístico en vigor, os elementos ríxidos do armazón do toldo librarán unha altura sobre a rasante non inferior a 2,30 m., mentres que os faldróns, flocos e outros elementos brandos colgantes poderán estar a unha altura mínima de 2,10 m.
- Tódolos elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie autorizados.
- Tódolos elementos instalados deberán garantir a súa estabilidade, sen practicar furos nin ancoraxes no pavimento da vía pública.
- O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- Será responsabilidade do interesado o estrito cumprimento dos horarios establecidos e dos límites da superficie autorizada, así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns polos itinerarios exclusivos reservados a eles.
- A autorización de ocupación da vía pública será a que se contén no plano presentado xunto coa solicitude.
- Os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores, fontes...etc), se os houbera, deberán permanecer libres e dispoñibles para uso público.
- A validez da autorización é anual abranguendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso

- presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsidade nos documentos da solicitude.
 - Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.
 - Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
 - Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas.
 - Antes de proceder á resolución definitiva deberase efectuar a liquidación das taxas pola superficie realmente autorizada.
 - Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expte. T/2023/000014)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:22 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.